


## Igrexa parroquial de San Xoán

070046

### Datos de Localización

Igrexa

<b>Nomenclator:</b>	3208205
<b>Coord. UTM:</b>	<b>X:</b> 614240 <b>Y:</b> 4653343
<b>Concello:</b>	Trasmiras
<b>Parroquia:</b>	TRASMIRAS
<b>Lugar:</b>	Eirexa, A
<b>Tipoloxía:</b>	Arquitectura Religiosa
<b>Tipo:</b>	Igrexas
<b>Subtipo:</b>	Igrexa
<b>Denominación:</b>	<b>Igrexa parroquial de San Xoán</b>
<b>Etapa Histórica:</b>	Baixa Idade Media
<b>Estilo relevante</b>	Románico
<b>Outros Estilos:</b>	Popular



### Descrición:

Igrexa de perpiaño, de fábrica románica con planta rectangular dunha soa nave. A sancristía e presbiterio teñen estrutura cúbica e son de época barroca. No f.59v. Visita do 30 de Novembro de 1771 do libro 41.14.5 di que Su Ilustrísima manda "hazer una sachristia, para lo qual concurren los feligreses con todos los curatos necesarios cuio coste anotara en el libro de fabrica" . No f. 56 di "hice la sacristia que su Ilustrísima me mando en su visita hico de coste la pared treientos y cinquenta reales mas tres fanegas de pan su balor a cinquenta reales mas el trecho de la sacristia costo treinta ducados=la texa costo seis ducados mas la puerta costo un ducado. Las visagras costaron ocho reales...". Toda a construción leva cuberta de tella do país a dúas augas.

A fachada principal ten porta de arco de medio punto e remate de espadana con dobre arco de medio punto e frontón triangular con óculo coroado por unha cruz. No libro 41.14.5 aparecen varias referencias á obra do campanario:

f.24v. "Se dan varias partidas de dinero de primicias de diferentes años para la obra del campanario (1663,1665 etc).

f.26. Contas dos anos 1662,1663,1665 e 1666. "al Pedrero que hizo el campanario ducientos y veynte reales". No arranque da cuberta esquerda hai dous muretes en ángulo, un deles con vano central, inacabados, que darían acceso ás campás.

Nos muros laterais destacan as parellas de macizos contrafortes e cornixa de modillóns, correspondentes á fábrica románica, en claro contraste cos paramentos lisos e sen cornixa da sancristía e cabeceira de factura barroca. No paramento románico esquerdo ábrese unha porta a finais do século XVII: libro 41.14.5, f.14v. Relación de gastos da igrexa. Están entre a visita de 1672 e 1673. "pago mas tres ducados a juan fernandez por hacer la puerta traviesa..."

O templo está rodeado por un adro dedicado a cemiterio. Ao carón deste último e tamén dentro do adro hai outro camposanto pechado cun muro de perpiaño e unha singular portada barroca con molduras, pináculos laterais de bolas e cruz florenzada sobre calavera. Dentro deste recinto destaca un cruceiro.

Existían tres capelas neste termo parroquial, unha en Soutelo adicada a San Caetano, outra en Seixas a adicada a San Lourenzo e San Berísimo, non nombra onde se ubicaba

Libro 41.16.6. De Trasmiras hai as seguintes referencias da Capela de San Caetano en Soutelo.

f.16. "Fundación de Capellanía de San Caetano en lugar de Sotelo 1708"

f.31. Visita 21 Maio 1764. "Ay dos Hermitas una de Nuestra señora de la Gracia, y otra de San Caietano".  
"Ytem: manda que dicho Abad obligue al capellan de la capellanis de San Caietano fundada en la Hermita del mismo nombre, que dentro de dos meses componga dicha Hermita, y repare de todo lo necesario de manera que quede decente para celebrar..."

f.72. Visita 3 Maio 1825. "Hai dentro de los limites de esta parroquia dos hermitas, la una de San Caetano en la que está fundada una capellanía con la Advocación de San francisco que la posee Don Domingo Gonzalez Yglesias clérigo de menores de Garavelos anejo de Santo Thome de Moreyras: fue fundada por el licenciado Don francisco Penin cura que fue de esta Parroquia de Trasmiras, en diez de Sectiembre del año de mil sietecientos ocho por ante el Escrivano Juan de la Cruz vecino de la ciudad de Orense: Cui capilla que se halla sin puertas e indecente tiene de pension mensual dos misas rezadas, y en diferentes dias del año otras seis tambien rezadas una el dia de la Natividad de nuestro Señor Jesuscristo, una el dia de la Resurrecion, otra el dia de San Francisco, otra el dias de San Caetano, otra el dia de difuntos, y otra el dia de San Jorge; Cuias misas estan cumplidas hasta el presente año de mil ochocientos veinte y cinco exlusive.

F.74. Inventario de bens dentro da visita. Manda que se arranxe a capela de San Caetano, senón é así que se traslade a imaxe do santo á igrexa parroquial.

Libro 41.14.7.

F.4. Visita 19 Setembro 1827. Volve a citar o mesmo que na anterior visita sobre a ermida de San Caetano, engadindo: "... Cui ermita se halla aberta y muy destruida, por lo qual se retiro a la Yglesia la Ara y la imagen de San Cayetano que en ella había..."

Sobre San Lorenzo de Seixas:

Libro 41.14.5. Fol.28. Visita 12 Agosto 1669. "Ytem mando su merced que los vecinos de cada lugar reparen las ermitas de san Lorenzo das ¿seijas? Y de san Veresimo en todo este año..."

F.21. Visita 29 Maio 1679.

"Ay quarenta feligreses en tres lugares llamados trasmiras, Sotelo y Seijas y dos hermitas de San Berissimo y San Lorenzo la qual esta muy mal tratada".

"Ytem manda su Ilustrisima que los feligreses compongan la Hermita de San Lorenzo de seis meses y no lo cumpliendo el Abbad la haga demoler y traiga los santos a la Yglesia y ponga una cruz en el sitio todo a costa de los feligreses y esto lo ejecute".

F.31v. Visita 11 Novembro 1685. Sigue citando as dúas capillas, a de San Lorenzo "muy mal tratada".

F.35. Visita 9 Agosto 1687. Dúas capillas, a de San Lorenzo "con poca decencia".

F.65v. Visita 15 Outubro 1718. "ay tres hermitas, San Lorenzo, San Caetano y San Berissimo"

libro 41.14.6 s f. Contas axustadas polo párroco Don Agustín Ximenez (1768-1770) "... Los que es mi voluntad se conviertan en rematar, y aderezar la Hermita de San Lorenzo de Seijas de esta feligresia de San Juan de Trasmiras en donde para que conste lo firmo a doze dias del Mes de Henero de mil setecientos setenta y quatro".

### **BIBLIOGRAFÍA:**

-HERNANDEZ FIGUEIREDO, J. R. (Dir.); *As parroquias do Concello de Trasmiras. Un achegamento ao mundo rural da Baixa Limia*. Zamora: Ed. Monte Casino, 2006. pp. 132-135.

### **DOCUMENTACIÓN:**

-Ficha de inventario del patrimonio arquitectónico de Interés Histórico Artístico do Ministerio de Cultura.

-A.H.D.OU.

TRASMIRAS, San Juan

Libro 41.14.5.

Libro 41.14.6.

## **Características Construtivas**

**Plantas:** Baixa

**Edif. Anexas:**

**Mat. Fachada:** Granito

**Mat. Estrutura:** Granito e madeira

**Mat. Cuberta:** Tella

**Elementos singulare**

**Construtivos:**

**Decorativos:**

## Delimitación do Ben e da contorna

Situación: Outros

Area de Protección: 100 m.

## Protección

Tipo de ben: Inventariado

Proposta de tipo de ben:

Estado de Tramitación: Declarado

Nivel de Protección Arq.: Integral

Proposta Nivel de Protección Arq.

Grao de Protección Arq.: ----

Proposta Grao de Protección Arq. ----

Xustificación da Protección:

Titularidade

Polígono:

Parcela:

## Conservación-Intervención

Estado de Conservació Bo

Uso Actual: Relixioso

Alteracións Morfolóxicas

Tipo:

Data:

Descrición:

Proxecto:

Axentes:

Observacións: Encintado de cemento.

## Bens Mobles





